



# “VARRENDO OS MEDOS”



## SAMAÍN 2023

### ESTIMADAS FAMILIAS:

ACHÉGASE O SAMAÍN QUE COMO FORMA PARTE DA NOSA TRADICIÓN MÁIS ENXEBRE, O EQUIPO DE DINAMIZACIÓN E NORMALIZACIÓN DA LINGUA GALEGA QUERE ORGANIZAR UNHA SERIE DE ACTIVIDADES:

- EN COORDINACIÓN CO EQUIPO DA BIBLIOTECA, REALIZARASE UNHA EXPOSICIÓN DE LIBROS SOBRE A TEMÁTICA DOS MEDOS INFANTÍS E DE COMO SUPERALOS OU AFRONTALOS, E DO SAMAÍN.
- ORGANIZAR UNHAS EXPOSICIÓN NOS EDIFICIOS DE ED. INFANTIL E DE PRIMARIA. DITAS EXPOSICIÓN LEVARÁN POR TÍTULO “VARRENDO OS MEDOS”. SERÍA NO CASO DE INFANTIL, NA SALA DE USOS MÚLTIPLES; E NO DE PRIMARIA, NO PRIMEIRO ANDAR E MÁIS CONCRETAMENTE NO ESPAZO QUE ESTÁ AO SUBIR AS ESCALEIRAS. A IDEA CONSISTE EN TRANSFORMAR UNHA VASOIRA (DE BRUXA, FACENDO ASÍ CLARA MENCIÓN ÁS MEIGAS GALEGAS) NUNHA PERSONAXE DE MEDO, OU UN OBXECTO RELACIONADO CON ESTA TEMÁTICA. PENSAMOS QUE PODEN TRAELAS DURANTE A SEMANA DO 23 AO 27 DE OUTUBRO, A SER POSIBLE NOS PRIMEIROS DÍAS, LUNS E MARTES PARA QUE ASÍ OS NENOS POIDAN IR DESFRUTANDO XA DA EXPOSICIÓN AO LONGO DA PROPIA SEMANA.

ADEMAIS TAMÉN SE TRABALLARÁ NAS TITORÍAS CON OUTRAS PROPOSTAS DIDÁCTICAS QUE O EQUIPO DE DINAMIZACIÓN E NORMALIZACIÓN DA LINGUA FARÁ AO PROFESORADO E ALUMNADO.

ESPERAMOS QUE VOS AGRADEN E PEDIMOS A VOSA COLABORACIÓN PARA Á QUE DE ANTEMÁN VOS DAMOS AS GRAZAS.

O EQUIPO DE DINAMIZACIÓN E NORMALIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.

[WWW.EDU.XUNTA.GAL/CENTROS/CEIPAMAIA](http://WWW.EDU.XUNTA.GAL/CENTROS/CEIPAMAIA)

